

GALICIA MARCA O RUMBO EN EUROPA

9 DE XUÑO.
ELECCIÓN
EUROPEAS

Sumar
Galicia

PROGRAMA ELECCIÓN EUROPEAS 2024

GALICIA MARCA O RUMBO EN EUROPA

Nas próximas eleccións do 9 de xuño xogámonos o futuro de Europa e, polo tanto, tamén de Galicia. Este documento que tes nas túas mans “Galicia marca o rumbo en Europa” é o noso programa electoral con propostas específicas, recollidas e elaboradas desde o noso país e pensadas para as galegas e galegos. Un programa que se insire, e se complementa, coa proposta programática de Sumar a nivel estatal.

Galicia non é un país alleo á construción política de Europa, como tampouco Europa e a comunidade internacional foron alleos á nosa personalidade propia como “célula de universalidade”. Unha condición nacional que foi recoñecida xa en 1933 no IX Congreso de Nacionalidades Europeas, organismo da Sociedade de Nacións. Aí temos un exemplo primixenio desa vocación de construír comunidade política alén das nosas fronteiras e, aínda, serían moitas outras as referencias sociais, culturais, de múltiples activismos ou de loita, con capacidade para introducir ideas progresistas, transformadoras, vangardistas e, en definitiva, revolucionarias, no acervo ideolóxico de Europa e do Estado español.

Hoxe, esta construción europea cristaliza nunha Unión Europea que necesita de movementos como Sumar para ensanchar a democracia e avanzar na xustiza social. Europa precisa de forzas políticas que marquen un rumbo transformador para que a xente viva mellor, para combater a precariedade, para defender e avanzar nas conquistas feministas, nos dereitos lgtbiq+ e para asegurar un futuro para a mocidade ou para blindar todos os dereitos e liberdades, tamén no afectivo-sexual.

Europa precisa de forzas políticas como Sumar e Sumar Galicia, que sexan pacifistas e consecuentes, que se opoñan á agresión rusa en

Ucráína e ao xenocidio do pobo palestino. Forzas que aposten por sentar as bases para a paz, como é o recoñecemento de Palestina como Estado, proposto pola nosa organización como condición necesaria para un pacto de goberno no Estado.

A Unión Europea precisa de movementos como Sumar Galicia para facela máis crible. Son necesarias forzas políticas serias, valentes e con capacidade de goberno para fomentar unha transición ecolóxica xusta, contrarias a proxectos como os de Altri en Palas de Rei. Opcións políticas que teñan competencia para xerar alternativas inmediatas de industrialización verde e descarbonizadora para Galicia.

Nun momento de encrucillada e excepcionalidade, queremos marcar un rumbo claro para Europa como facemos dende o goberno do Estado. Un rumbo que transite por un camiño de progreso, paz, inclusión, feminismo e prosperidade con xustiza social, tamén para Galicia e, en especial, para as súas traballadoras e traballadores.

ÍNDICE

UNHA EUROPA SOCIAL, DA IGUALDADE E DA LIBERDADE

O RETO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

O GALEGO E A IDENTIDADE CULTURAL GALEGA NA UE

EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

MODELO ECONÓMICO VERDE E DE PROGRESO

A TRANSICIÓN ECOLÓXICA GALEGA

OPORTUNIDADES GALEGAS NA UE

UNHA EUROPA SOCIAL, DA IGUALDADE E DA LIBERDADE

Sumar Galicia somos unha plataforma que promove un europeísmo transformador e un modelo social europeo baseado na solidariedade como eixe fundamental para a construción de cidadanía. Defendemos unha Europa social que coloque os coidados no centro, que marque o rumbo para garantir os dereitos das crianzas, das persoas maiores e de calquera que teña algún tipo de dependencia.

Acreditamos na necesidade de que exista unha directiva europea integral dos coidados, mais tamén na urxencia de blindarmos o dereito ao aborto no conxunto da Unión e en cada un dos seus Estados membros. Unha Unión Europea que teña unha intervención contundente e que obrigue aos Estados a unha acción política decidida e eficaz para a erradicación das violencias machistas e as violencias lgtbi-fóbicas. Unha Europa que non dubide e que aumente a dotación económica destinada ás políticas públicas que promovan a igualdade e o respecto das diversidades de xénero.

Este programa recolle as propostas específicas para Galicia que amplían e se complementan co documento [Un programa que marca o rumbo en Europa](#) onde se plasma o proxecto europeo de Sumar. Para obter máis información sobre as posturas e propostas de Sumar sobre estas cuestións, remitímosvos ao programa das eleccións xerais do 23 de xullo de 2023, ao programa das eleccións galegas de febreiro de 2024, así como ás iniciativas parlamentarias e institucionais impulsadas nos últimos anos

O RETO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

Galicia sofre un dos máis agudos e prolongados declives e envellecemento demográfico de toda Europa. Para afrontar con garantías este reto compre potenciar estratexias demográficas en todos os ámbitos de goberno: a proximidade é fundamental para promover a acción comunitaria, a atención centrada na persoa, a amabilidade da contorna, a participación activa, etc. Propoñemos reforzar o papel dos concellos ao tempo que se desenvolvan estas estratexias que afronten o envellecemento e o cambio demográfico nos diferentes niveis de goberno.

1. Políticas demográficas.

A política social europea debe ter un tratamento diferenciado e específico para aqueles territorios e zonas da UE que teñan unhas altas taxas de poboación envellecida, como é o caso de Galicia, sobre todo nas comarcas do seu interior. Nesta liña, cómpre que se apliquen medidas concretas como as de ter en conta os criterios demográficos, envellecemento e dispersión no reparto de fondos comunitarios, favorecendo o reequilibrio territorial.

2. Dereito á vivenda.

Optaremos por un enfoque integral para abordar a exclusión social e a sobrecarga económica derivada da falta de vivenda social e alcanzable, ademais da necesidade de reducir significativamente a pegada de carbono do parque residencial europeo. O sector da vivenda pública, cooperativa, social e a prezos accesibles pode desempeñar un papel fundamental para garantir un futuro inclusivo e sostible para as persoas en Europa. A Unión Europea conta cunha grande variedade de ferramentas a través das cales pode fomentar sistemas de vivenda socialmente inclusivos e sostibles ou agravar a actual crise da vivenda. Neste marco xeral, proporemos programas específicos que poidan dar resposta á problemática da vivenda en Galicia, sobre todo nas nosas áreas metropolitanas crecentemente marcadas polo grave encarecemento dos prezos dos alugueres e a falta de oferta de vivenda para uso residencial

3. Galicia terra de acollida.

Europa ten unha débeda histórica co resto do planeta, que podería comezar a saldar impulsando unha política migratoria solidaria e avanzada, que fose un exemplo de garantía dos dereitos humanos incluíndo tamén os de asilo e migración. Ligado ao punto anterior, e

tendo en conta o pasado galego como terra de emigrantes, proporemos un programa específico de acollemento de persoas migrantes que desexen establecerse no noso país, incluíndo tamén propostas específicas e singularizadas para as persoas refuxiadas.

4. Alternativas para a mocidade.

Para combater o envellecemento da poboación galega é necesario deter a hemorraxia de xente moza galega que se ve forzada a emigrar para poder ter garantía dun futuro digno. Así, precísanse políticas públicas activas que garantan o dereito da mocidade a vivir na súa terra, se así o desexan. Medidas de apoio para o acceso á vivenda e a un emprego de calidade, ademais de mellorar a rede europea de información para xente moza no referido ao territorio, mobilidade, rural,... (utilización dos fondos europeos para este fin).

O GALEGO E A IDENTIDADE CULTURAL GALEGA NA UE

A lingua galega é a nosa principal marca colectiva e de identidade como pobo. Para impulsar unha nova vitalidade do galego precisamos un novo pacto social na educación, nas universidades, nos medios de comunicación, etc. Dentro dese pacto xogará un papel fundamental a dimensión internacional da nosa lingua, polo que reclamaremos o apoio de todas as forzas políticas galegas para que o galego sexa lingua oficial da UE.

5. O galego como lingua internacional e oficial da UE.

Reivindicamos o recoñecemento pleno do galego como lingua oficial da Unión Europea incluíndo o seu uso regular no Parlamento europeo. Proporemos regulacións para que se potencie o seu uso no campo de información e comunicación, para que sexa obrigatorio a súa incorporación aos motores de busca en internet ou para que existan liñas de financiamento específicas para proxectos de investigación europeos que inclúan estudos culturais sobre linguas minorizadas. Dentro do espírito da Lei Paz Andrade, de aproveitamento dos vínculos coa lusofonía, procuraremos desenvolver este recoñecemento oficial do galego de xeito colaborativo e harmónico co actual espazo que ocupa a lingua portuguesa na UE.

6. A difusión académica, tamén, en galego.

Promoveremos que o galego sexa unha lingua de difusión da ciencia, incorporándoa aos motores de busca e ás bases de datos

internacionais máis importantes. Proporemos que a Unión Europea promova unha difusión da ciencia xusta e equilibrada, que non prime tan só ao inglés ou ás grandes empresas do sector. Proporemos o desenvolvemento dun plan de acción que permita pór en marcha os mecanismos precisos para incrementar a participación galega no programa marco “Horizonte Europa” de I+D.

7. Industrias culturais e plataformas audiovisuais.

Ademais de intensificar a presenza das industrias culturais galegas en Europa, é necesario regular as plataformas audiovisuais a través dunha nova normativa que obrigue á inclusión de subtítulos e dobraxes nas diferentes linguas da UE, nomeadamente en galego. Unha nova política comunitaria para o audiovisual que profunde no recoñecemento da diversidade e riqueza lingüística europea e que faga especial fincapé na creación de contidos audiovisuais para o público infantil. Proporemos esta promoción das industrias culturais galegas e dos seus produtos nas grandes plataformas de streaming e nas radiotelevisións públicas europeas. Impulsaremos o subtulado e as producións orixinais en linguas minorizadas non estatais en series e películas en toda a Unión Europea.

8. Protección e difusión do patrimonio cultural galego.

Galicia é un país que ten contribuído de xeito singular á conformación da identidade común europea tanto a través das conexións marítimas que articulan todo o Arco Atlántico como por terra mediante os diversos camiños de Santiago. Por iso é necesario a promoción do noso patrimonio, material e inmaterial, en Europa, e de forma intensa nas rexións atlánticas europeas, así como dos camiños de Santiago como ruta de vertebración da cultura europea e a súa sustentabilidade.

EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

A Eurorrexión formada por Galicia e o Norte de Portugal artéllase como un espazo transnacional no que existe unha intensa relación social, económica e cultural. Un espazo xenuíno cun enorme potencial e moitas oportunidades de desenvolvemento futuro. Un territorio que concentra unha poboación de 6,4 millón de habitantes en só 51 mil Km², o que se traduce nunha das densidades de poboación das máis elevadas de Europa. Os dous espazos que constitúen a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal asumen a súa complementariedade ao tempo que se

retroalimentan e converten a Eurorrexión nunha plataforma territorial con grande competitividade nun contexto de crecente globalización e internacionalización da economía.

9. Educación superior e FP dual transfronteiriza.

Apoiaremos a eurorrexión que conforman Galicia e o Norte de Portugal en moitos ámbitos, mais especialmente no campo da educación debe ser fundamental. Nesta liña, apostaremos porque se leven adiante propostas como a implantación de graos e másteres compartidos entre as universidades galegas e portuguesas ou o desenvolvemento dunha FP dual transfronteiriza. Tamén traballaremos para que exista unha financiación concreta que facilite a aprendizaxe da lingua portuguesa a través de estadías de estudos ou programas de viaxes para a aprendizaxe do idioma.

10. Corredor atlántico da RTE-T.

Defenderemos e garantiremos que o corredor Atlántico faga xustiza ao seu nome e incorpore ao conxunto da Eurorrexión a Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T).

11. Rede ferroviaria transnacional.

Revisaremos os prazos de construción da rede ferroviaria Vigo-Porto para que se inclúa na rede básica 2030 fronte ao modelo de regulamento de abril deste ano que a relega á rede básica ampliada a 2040. O mesmo defenderemos para a conexión Coruña-Ferrol e Ferrol-Lugo-Monforte que ficou relegada á rede global 2050.

MODELO ECONÓMICO VERDE E DE PROGRESO

Promoveremos medidas para que a Unión Europea sexa garante dun desenvolvemento económico verde en Galicia. Un modelo económico fundamentado na sustentabilidade e na protección medioambiental do territorio, para que proxectos como o de Altri non poidan aprobarse sen control comunitario no territorio. A planificación, ordenación e coidado ten que ser o requisito imprescindible do modelo verde do país que queremos.

12. Altri Non.

Ademais de impulsar unha normativa comunitaria que non financie e que protexa os territorios de proxectos como Altri, solicitaremos que

a UE interveña para paralizar este ou calquera outro proxecto que supoña unha agresión medioambiental.

13. Aposta pola Agroecoloxía.

Garantiremos prezos viables e máis persoas agricultoras na UE, necesarios para posibilitar a transición cara á agroecoloxía, mediante a adopción de políticas públicas que regulen os mercados agrícolas e o control da produción, así como redistribuíndo a produción a máis labregas e zonas en Europa e garantindo o dereito a unha alimentación saudable para toda a poboación. Apoiaremos a transición ao modelo agroecolóxico da gandería industrial.

14. Pesca e marisqueo galego.

Avogaremos por unha Política Pesqueira Común (PPC) que contemple o recoñecemento e especificidade da pesca e do marisqueo galego. Nesta liña, defenderemos esta particularidade como territorio de grande produtividade e tradición e proporemos como prioridade da PPC, para Galicia, a potenciación dunha pesca e marisqueo sustentable con base no arraigo das artes de pesca propias. Consideramos que tamén é necesaria unha Comisaría europea específica de pesca e imprescindible poñer en valor o *marisqueo a pé*, realizado maioritariamente polas mulleres, coma unha actividade sostible e rexeneradora dos recursos das rías, especialmente no contexto actual de cambio climático e quecemento global.

15. Fondos Europeos para a industria verde.

Fronte ao modelo de reparto de Fondos europeos, como os PERTES ou os Next Generation, de execución estatal, promoveremos un modelo de gobernanza descentralizada que inclúa as comunidades autónomas porque teñen as competencias e teñen que participar directamente, incorporando, tamén, a participación dos axentes sociais. Proporemos fondos específicos para aproveitar as nosas potencialidades na automoción, no naval, no téxtil, na agroalimentación, nas TICs, no sector forestal, nas enerxías renovables ou no turismo sustentable como sectores económicos estratéxicos galegos. Impulsaremos, con Fondos Europeos e financiamento do BEI, proxectos que garantan a autonomía estratéxica en sectores críticos, a través de sociedades públicas de investimento.

16. Seguridade e saúde alimentaria.

Priorizaremos os alimentos locais e as necesidades das poboacións en lugar de responder a criterios das grandes multinacionais do sector. Manteremos unha regulación estrita de todos os organismos modificados xeneticamente, incluídas as novas técnicas xenómicas, e faremos cumprir os dereitos labregos sobre as sementes. Proporemos facer da terra un tema prioritario das políticas públicas para garantir a integración de máis persoas agricultoras novas e a saúde do solo.

A TRANSICIÓN ECOLÓXICA GALEGA

Nas últimas tres décadas Europa ten sido un actor global na vangarda do impulso da transición ecolóxica, a pesar das limitacións do modelo económico neoliberal. Hoxe, este liderado está comprometido, por mor do negacionismo da mudanza climática e tamén porque a UE está a ficar relegada diante do empurre da innovación tecnolóxica e científica verde de potencias como os EEUU e China. Fronte a iso, avanzar na descarbonización significa avanzar na autonomía e soberanía enerxética de Europa nun mundo cada vez máis turbulento.

17. Modelo enerxético propio.

Traballaremos para impulsar medidas que fomenten a redución do consumo enerxético e a rehabilitación nos sistemas de transporte e nos procesos produtivos. Apoiamos o crecemento das enerxías limpas, así como o aumento dos requisitos ambientais, da medición do impacto e do acordo coa comunidade onde se vai desenvolver, sempre vinculante. Faremos fincapé na compatibilidade entre o respecto das comunidades e os territorios ao tempo que se aposta por un modelo verde de enerxías.

18. Mobilidade eléctrica.

Impulsaremos a mobilidade eléctrica pública propondo que sexan prioritarios os investimentos en electrificación e mellora da rede de ferrocarril de proximidade e tamén a do FEVE, incorporándoa a unha futura rede básica europea ampliada que comunique Galicia, Asturias, Cantabria e Euskadi.

19. A auga como dereito universal, tamén na UE

Fomentaremos a extensificación e control exhaustivo da calidade das augas subterráneas e superficiais e proporemos un reforzo da implantación da Directiva Marco da Auga. Nesta liña, colocaremos un

foco especial nos impactos e a protección do litoral mariño, na recuperación integral das rías e dos nosos ríos e na revisión dos ciclos integrais da auga nas nosas áreas metropolitanas, no sentido de recuperala para o público.

20. Galicia no Pacto Verde Europeo.

Proporemos un reforzo das políticas de descarbonización da economía galega, dentro da potenciación das liñas estratéxicas do Pacto verde como modelo para o investimento público. Apoiaremos o desenvolvemento do Pacto Verde e proporemos que se dote de carácter estrutural as axudas e medidas de apoio financeiro a empresas privadas (Next Generation, PERTES Sectoriais), incorporando a obrigatoriedade de consulta e información coa representación legal dos/as traballadores e traballadoras, así como da inclusión de memoria sociolaboral dos proxectos.

21. Ampliación da Rede Natura 2000.

Defenderemos unha ampliación da Rede Natura 2000 galega, para aumentar o exíguo 11,8% da súa superficie protexida actualmente. Proporemos ampliar esta porcentaxe ata igualala á media do Estado, situada nun 27,5%. En cumprimento cos requerimentos europeos, apoiaremos que se revise o plan galego do 2011 de ampliación, presentado pero nunca aprobado pola Xunta de Galicia. Tamén aumentaremos o grao de protección da Rede Natura Galega e da biodiversidade galega.

OPORTUNIDADES GALEGAS NA UE

Potenciaremos a presenza e a participación de Galicia na Unión Europea e noutros organismos internacionais para defender os intereses da cidadanía galega e poder tratar os asuntos que nos afectan directamente como país nas institución europeas.

22. A presenza institucional galega na UE.

Proporemos unha participación de Galicia nos órganos da UE e unha ampliación dos espazos institucionais de autogoberno para que Galicia participe de todas aquelas decisións que lle afecten. Ademais, elaboraremos propostas nas que Galicia teña capacidade para aproveitar a súa conexión cos países lusófonos, así como coa comunidade e diáspora galega nos países europeos. O reforzo desta

presenza nas institucións da UE completárase cunha elevación do status xurídico-político da actual Fundación Galicia-Europa.

23. Galicia no Eixe Atlántico.

Garantiremos un espazo atlántico innovador, sostible e conectado a unha estratexia macrorrexional atlántica cuxa gobernanza permita ás rexións participar plenamente, dando cumprimento ao acordado na Declaración de Sines.

24. Universidade e retención do talento investigador

A retención do talento investigador galego debe ser unha prioridade e un reto para poder implementar unha estratexia de crecemento e mellora do Sistema Universitario Galego (SUG) no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Nos programas Horizonte Europa de investigación e innovación, primaremos os estudos de carácter rexional, facendo especial fincapé no ámbito cultural, lingüístico, histórico, social, arquitectónico ou antropolóxico.

25. Erasmus Latam

Melloraremos o financiamento da cooperación entre a UE e América Latina a través de Erasmus+ ou outros programas, onde o alumnado galego conta con vantaxe. Precisamente, no caso galego, ademais, proporemos un Erasmus Latam específico con América latina aproveitando o potencial do coñecemento dos idiomas español e portugués, a través do galego.

26. Rescate da AP9.

Dado que a Comisión Europea puxo en dúbida a prórroga da súa concesión, defenderemos nas institucións europeas o rescate e transferencia da AP9 de xeito complementario ao fomento do uso do transporte público e do tren dentro do modelo integrador e intermodal de transporte que defendemos para Galicia.

27. Radiodifusión europea e CRTVG.

Promoveremos a redefinición da Unión Europea de Radiodifusión (UER), incorporando as corporacións non estatais, promocionando linguas e culturas minorizadas. A UER, aínda que de natureza privada, ten un deber de servizo público ao recoller no seu seo a moitas das radiotelevisións públicas europeas. A UER deberá mudar a súa carta de natureza, apostando moito máis pola transparencia, polo servizo público e polo pluralismo político. Ademais, denunciaremos en Europa a actual situación da CRTVG e pularemos pola independencia

institucional dos medios públicos galegos no marco regulamentario europeo de medios de comunicación.